



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIA DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

RESOLUCIÓN DO VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “SENDEIROS DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES”

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria e bases reguladoras do VII Concurso de fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses”, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 3 de decembro de 2021, acordou aprobar a resolución definitiva referido Concurso cos beneficiarios que a continuación se relacionan:

PREMIO	TÍTULO DA OBRA	AUTOR	IMPORTE
PRIMEIRO	CAMINO PRIMITIVO	LINA IGLESIAS FORNEIRO	800,00 €
SEGUNDO	LAGOA DE COSPEITO	GERMÁN LIMERES LÓPEZ	500,00 €
TERCEIRO	CORES DE INVERNO NA SENDA DOS MUIÑOS	MANUEL MARÍA BALBAS NAVERIA	300,00 €

De acordo coa BASE OITAVA.-RESOLUCIÓN DO CONCURSO das bases da convocatoria, a efectos do aboamento da contía do premio:

“A estes efectos, será necesario que os beneficiarios acheguen unha nova declaración responsable (Anexo II) no prazo de 10 días dende a publicación da resolución, así como certificación do número de conta bancaria para proceder a realizar o correspondente pagamento. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro, ou estea incurso nalgunha das prohibicións contidas nos apartados 2 ou 3 dos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.”

Esta resolución pon fin a vía administrativa polo que, segundo e establecido na BASE NOVENA das bases da convocatoria:

“A resolución da Xunta de Goberno poñerá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra a mesma recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución, e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen que se poidan simultanear ambos recursos; todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.”

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Lugo, 9 de decembro de 2021.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3543